

ACTA Nº 2

Maceiras García, M^a Lourdes
Novegil Souto, José Vicente
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Núñez Ocampo, Marina

Na Sala de Xuntas da Facultade de Fisioterapia, sendo ás 11:00 horas do día 23 de xuño de 2016, e en convocatoria única, procédese a celebrar a Xunta Ordinaria da Comisión Ambiental, convocada por orde do Presidente.

Asistiron á Xunta de Centro os membros relacionados á marxe esquerda e de acordo coa seguinte orde do día:

Desculpa a súa asistencia: Campo Prieto, Pablo.

- 1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**
- 2. Informe do Presidente.**
- 3. Elaboración e aprobación, se procede, de accións a levar a cabo na Facultade e dende ela no curso 2016/17, dentro do compromiso adquirido e asumido co Programa Green Campus, de cara a informar, sensibilizar e fomentar a participación do PDI, alumnado e PAS neste programa.**
- 4. Renovación dos membros da Comisión Ambiental do Centro que van formar parte da Comisión de Xestión Ambiental do Campus de Pontevedra: un pertencenteo PDI, un ao alumnado e un ao PAS.**
- 5. Rogos e preguntas.**

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

A acta nº 1, da Xuntanza Ordinaria da Comisión Ambiental que tivo lugar o día 23 de marzo de 2015, tal e como sinalou a Comisión Ambiental saínte, parece estar xa aprobada, pois precisábase así dende a Comisión de Xestión Ambiental do Campus, aínda que non consta en ningún documento..

Ratifícase a aprobación desa acta.

2.- Informe do Decano.

O Decano dá a benvida aos novos membros da Comisión Ambiental, dado que a súa renovación foi aprobada na Xunta de Centro do día 10 de xuño de 2016.

O Decano comenta que a Comisión Ambiental non é unha Comisión Delegada da Xunta de Facultade, pero imos mirar o Regulamento de Réxime Interno para intentar que funcione como as Comisións que si o son.

3.- Elaboración e aprobación, se procede, de accións a levar a cabo na Facultade e dende ela no curso 2016/17, dentro do compromiso adquirido e asumido co Programa Green Campus, de cara a informar, sensibilizar e fomentar a participación do PDI, alumnado e PAS neste programa.

O Decano dálle a palabra á secretaria da comisión, profesora Maceiras. Esta informa do Programa Green Campus. Despois propón que se analicen os obxectivos que se propuxeron na Xunta anterior, do 23 de marzo do 2015, para ver se se cumpriron ou se falta algo por facer. Chégase á conclusión de que as luces dos corredores están prendidas todo o día e que habería que poñer receptores de luminosidade ou de presenza física.

De cara ao curso que ven, a profesora Maceiras propón que se visibilice o que xa se está a facer, para chamar a atención sobre o Programa Green Campus e concienciar á comunidade da facultade: contedores para recollida de papel e plástico; recollida de tóneres, de aparellos informáticos e de tapóns de plástico.

O Decano propón facer unha recollida selectiva de tapóns para conseguir algo concreto, por exemplo unha cadeira de rodas, que podería ser para o Campus, para mellorar a mobilidade cando alguén estea lesionado. A profesora Maceiras queda encargada de falar con algunha das ONGs que leva este tema en Galicia e pedir información. Como a caixa de recollida que hai na facultade púxo a Delegación do Alumnado e a señora da limpeza os recolle e os leva a outra facultade, o Decano queda en falar con ela para informarse de se temos algún compromiso con alguén para facer esta recollida.

A profesora Maceiras propón facer un espazo nos taboleiros do baixo da facultade para o Green Campus e as novas que haxa sobre el.

De cara a expandir o Green Campus polas outras facultades deste Campus e dos outros dous Campus (Vigo e Ourense) hai cinco propostas:

1.- Profesora Maceiras: Ecodocentes e ecoestudantes: compromiso “asinado” individualmente, por parte de profesores/as e alumnos/as; despois colócase na porta do despacho a folla-documento que se asina ou unha pegatiña do Green Campus; pódese escoller o modelo da Universidade Complutense de Madrid. A facultade de Fisioterapia invitará a converterse en ecodocentes e ecoestudantes ao resto de facultades deste Campus e dos outros dous Campus desta Universidade, tamén podería invitar ás dúas facultades da Universidade da Coruña que teñen a bandeira Green Campus (na UDC é por facultades, non por Campus). (Axúntanse os dous documentos).

2.- Profesor Novegil: Curso de Mindfulness, que daría el para todo o Campus.

3.- Profesora Maceiras: Enquisa de *Alimentación saudable nas máquinas expendedoras*, a través do correo electrónico da comunidade da Universidade de Vigo, para que a comunidade tome conciencia do Programa Green Campus.

4.- Profesora Maceiras: Sendeiros azuis na zona do Campus para fomentar o ocio saudable, disfrutar da natureza, fomentar a conservación e o uso público dos espazos naturais, e o coñecemento e respecto das especies de flora e fauna... (Axúntase o documento).

5.- Decano: Identificación das especies arbóreas do Campus por parte da xente de Forestais e poñer os nomes e algunha información nus carteis deseñados pola xente de Publicidade (algo similar ao que hai no campus de Ourense).

Máis adiante podería pensarse en apadriñar eco-escolas, para visibilizar o Programa cara ao exterior da comunidade universitaria. E tamén facer unha enquisa: “Como de *green* é o teu campus?” dentro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo.

Apróbanse as diversas propostas a levar a cabo o curso que ven, e comunicalas á Comisión de Xestión Ambiental do Campus para a súa posible realización.

4.- Renovación dos membros da Comisión Ambiental do Centro que van formar parte da Comisión de Xestión Ambiental do Campus de Pontevedra: un pertencente ao PDI, un ao alumnado e un ao PAS.

P.D.I.: M^a Lourdes Maceiras García

Alumnado: Queda pendente de determinar

P.A.S.: Marina Núñez Ocampo

Apróbase.

5.- Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión as 14:00 h.

A SECRETARIA

O PRESIDENTE

M^a Lourdes Maceiras García

Gustavo Rodríguez Fuentes